

Ciberseguridade básica no teu posto de traballo (I)

- Todo o persoal ten a obriga de coñecer a Política de Seguridade da institución na que traballa, e tamén saber onde consultala cando faga falta. Se non se coñece, debe ser solicitada e consultada.
- Os equipos, ferramentas e materiais informáticos que se proporcionan para traballar non se deben utilizar para asuntos non relacionados coas tarefas laborais, porque poden supoñer exposición a distintas ameazas.
- Non está permitido instalar aplicacións no equipo de traballo sen a autorización e supervisión dos servizos de soporte informático. O software non controlado é unha fonte importante de risco.
- Non se deben desactivar os mecanismos de seguridade configurados nos ordenadores, como as actualizacións automáticas, os antivirus ou o bloqueo automático por inactividade.
- Cando o sistema propoña un reinicio, por exemplo no caso de instalación de actualizacións, na medida do posible compre gardar a información coa que se estea traballando e aceptalo canto antes.
- No caso de detectar calquera comportamento anómalo no equipo é imprescindible comunicalo sen demora ao persoal de soporte.

Consulte máis información sobre ciberseguridade en <https://ciberseguridadegalicia.gal>



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER
SEGURIDADE
GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Programa REACT-EU